

DEBE MANTERSE O USO DO AENC PARA PACTAR SALARIOS ACORDES Á SITUACIÓN DE BONANZA ECONÓMICA

UGT reclama seguir mellorando a capacidade adquisitiva dos salarios e unha reforma en profundidade das políticas activas de emprego para cubrir as ofertas de emprego

Redacción.- Os datos da Enquisa Trimestral de Custo Laboral (ETCL) do primeiro trimestre de 2024 publicados esta semana polo INE rexistran un aumento anual do custo laboral e salarial dun 3,9% e 3,7%, respectivamente. Trátase do primeiro dato de 2024 e indica un bo avance en materia salarial para recuperar a capacidade adquisitiva perdida en anos anteriores, posto que o nivel xeral dos prezos incrementouse no primeiro trimestre do ano ao redor dun 3,1% de media. Polo tanto, descontando a inflación, os salarios reais terían crecido un 0,6%.

Parte deste éxito débese á posta en marcha do V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) en maio de 2023 que, sumado á moderación dos prezos, está a revertir unha situación económica moi prexudicial para as persoas traballadoras. Pero aínda hai marxe para que os salarios sigan mellorando o seu poder de compra, sobre todo nun contexto no que as marxes de beneficio empresariais seguen ampliándose e cunha inflación aínda alta pero máis moderada.

Doutra banda, a ETCL tamén informa sobre o número de vacantes e os sectores económicos onde están presentes. No primeiro trimestre do ano rexistráronse 149.962 vacantes en total, das que un 87,2% atópanse no sector servizos. Trátase dunha cifra superior á que había antes da pandemia (101.009 no cuarto trimestre de 2019) pero en absoluto preocupante, e que pode e debe abordarse con melloras nas nosas políticas activas de emprego.

Mellorar as condicións laborais para solucionar vacantes

Neste sentido, unha parte do au-

mento do número de vacantes explícase pola ineficiente intermediación pública á hora de casar os oferentes cos demandantes de emprego, e por unhas políticas activas de emprego que requiren unha reforma en profundidade para logar que a orientación ás persoas desempregadas sexa moito máis personalizada e adecuada. Por último, é crucial que os postos de traballo ofertados non sexan precarios. Pola contra, os traballadores e traballadoras buscarán outras oportunidades en sectores con mellores condicións laborais, que é o que sucede nalgúns actividades como na hostalería.

En resumo, UGT considera imprescindible que se siga estendendo o uso do novo AENC para pactar salarios nos convenios acorde á situación de bonanza da nosa economía. É fundamental repartir xustamente os aumentos das marxes de beneficio e potenciar o emprego de calidade, aproveitando as posibilidades que ofreceu a reforma laboral de 2021. E, respecto á actuación da administración pública, é preciso desenvolver unhas políticas activas de emprego eficientes que se apoién nuns servizos públicos de emprego ben dotados e cos recursos necesarios para desempeñar adecuadamente as súas funcións.

Datos

A Enquisa Trimestral de Custo Laboral do primeiro trimestre de



2024 rexistra un incremento do custo laboral total por traballador e mes do 3,9% respecto ao mesmo trimestre de 2023. Pola súa banda, o custo salarial por traballador e mes aumentou nun 3,7%, como se indicaba previamente, situándose en 2.206,1 euros.

Doutra banda, os custos laborais por hora efectiva traballada rexistran un incremento do 7,4% anual, aínda que eliminando os efectos de estacionalidade e calendario o custo laboral por hora aumenta un 4,6%.

Por último, o número de vacantes no primeiro trimestre do ano ascendeu a 149.962 postos de traballo sen cubrir, polo que se mantén nuns valores similares aos que se poden atopar no mesmo período de 2023, aínda que superiores aos que se daban en anos anteriores á pandemia. A distribución por sectores indica que o 87,2% destas vacantes atópanse no sector servizos, o 7% na construción e o 5,9% na industria. Para conseguir que haxa un menor número de vacantes é crucial avanzar nun cambio nas políticas activas de emprego para que sexan máis efectivas e que se leve a cabo unha mellora salarial.

UGT ASINA O CONVENIO DE LIMPEZA DA PROVINCIA DE OURENSE

Redacción.- UGT asina o convenio da limpeza da provincia de Ourense. Un acordo alcanzado pola maioría da asemblea de persoas traballadoras e ratificado por UGT e CIG, coa obstrución por parte de CCOO, que non asinou, a pesar de que o novo texto supón un progreso nas relacións laborais do sector.

Desde FeSMC UGT Galicia póñense en valor as melloras conseguidas no convenio do sector de limpeza de Ourense, por información, pero tamén debido a algunhas mensaxes transmitidas calumniando a firma do devandito convenio e o labor de UGT. A pesar de que o único obxectivo é velar polo benestar de todas as persoas traballadoras e conseguir o seu progreso. É importante recalcar que no convenio garáteselle ás persoas traballadoras o SMI e respectando as condicións mello-

radas para aquelas que as viñesen gozando.

Neste convenio recóllense incrementos salariais, supoñendo:

- 2% en 2023
- 3% en 2024, garantíndose atrasos desde o 1 de xaneiro de 2024
- 3,5% en 2025
- 2% en 2026

Ademais, desde o 1 de xullo, o plus de transporte con contía de 0,60€ por día traballado, será substituído polo plus de convenio, que supón un aumento a 1,64€ o día independentemente de que se vaia ou non a traballar.

A firma do convenio, poñendo como exemplo unha xomada completa, supón un aumento de 58,85€/mes, que serve ademais de marco para o cálculo da antigüidade.

Con estes datos pódese apreciar que o convenio asinado por UGT e CIG, e apoiado por unanimidade pola asemblea de persoas traballadoras convocada para o efecto, a pesar do intento de boicot por parte de CCOO, supón importantes melloras para o colectivo de traballadores e traballadoras do sector da limpeza de Ourense respecto ás condicións anteriores.

UGT velará sempre polo cumprimento dos acordos alcanzados e seguirá traballando para que se consigan os convenios máis vantaxosos para todas as persoas traballadoras de cada sector.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NA AXENCIA TRIBUTARIA ESIXINDO QUE SE RETOMEN AS NEGOCIACIÓNS ANTE A INACCIÓN DA DIRECCIÓN

Redacción.- As organizacións sindicais UGT, SIAT, CSIF, CCOO E CIG convocaron este mércores unha nova concentración na Sede da Delegación Especial da Axencia Tributaria en Galicia, emprazada na Coruña, para demandar a mellora das condicións laborais dos traballadores deste organismo, presidido polo secretario de Estado, Jesús Gascón Catalán.

Centos de traballadores e traballadoras acudiron á concentración esixindo que se desbloquee a negociación colectiva e instaron á dirección da Axencia Tributaria a que se sente a negociar cos representantes dos traballadores as melloras que se reclaman tras a declaración do conflito declarado o pasado 4 de abril, sen que, ata a data, nin o seu presidente, nin a ministra de Facenda se teñan dignado a falar da situación que afecta directamente ao persoal e que, á espera de que se abra un proceso de diálogo, séntense que están abandonados por quen debe velar polo seu benestar.

UGT denuncia que non se están cumprindo os acordos asinados como, por exemplo, o acordo de carreira profesional do ano 2007 e que son moitas as melloras que se demandan, como eliminar a diferenza salarial entre o colectivo de inspectores, con salarios exorbitantes de ata 150.000 euros e o resto de traballadores que integran o persoal, algúns dos cales apenas superan o salario mínimo interprofesional. Nese sentido, ademais da



existencia da aplicación da carreira administrativa e profesional actualmente paralizada, reclámase a negociación dun novo convenio colectivo do persoal laboral que data do ano 2006, unha repartición equitativa e non discriminatoria da produtividade, o desenvolvemento dun modelo propio de teletraballo, a negociación do novo modelo de información e asistencia á cidadanía e que se declare profesión de risco ao traballo levado acabo polo persoal de Vixilancia Aduaneira.

Ademais das concentracións organizadas a nivel nacional, os traballadores están a levar a cabo peches no despacho da directora xeral da AEAT para desbloquear a situación e avanzar na negociación do con-

flicto. Estes peches prolongáronse durante estas dúas últimas semanas coa esperanza de que se produza algún xesto desde a dirección da AEAT.

UGT seguirá pelexando, xunto ás demais organizacións sindicais promotoras do conflito, por preservar os dereitos e a mellora das condicións dos traballadores e traballadoras nun ente cuxa labor é a loita contra a fraude fiscal, o blanqueo de capitais e o narcotráfico, tarefas de vital importancia para o sostemento do estado do benestar. Por iso, mentres a dirección da Axencia Tributaria siga coa súa inacción e bloqueo da negociación colectiva, continuarase coas mobilizacións non descartando a convocatoria dunha folga.

A LUÍS TILVE PRESENTA A SÚA NOVA PUBLICACIÓN “NA BRECHA DO SEXO. POR UN TRABALLO DE IGUAL VALOR”

Redacción.- O pasado venres 14 de xuño a Fundación Luís Tilve presentou a súa nova publicación, “En la brecha del sexo. Por un trabajo de igual valor”, do experto en Relacións Laborais e Igualdade, Javier Carballo de Jesús, que nos ofrece unha amena e necesaria análise sobre a desigualdade salarial, abordando os motivos estruturais e os factores desta brecha entre homes e mulleres, e achegando medidas e accións que poden axudar a combater esta diverxencia.

No acto, presentado pola portavoz socialista no Concello de Valga, María Ferreirós, resaltouse a importancia de traballos como este en momentos como o actual no que estamos a vivir unha contraofensiva negacionista fronte ó feminismo. Tamén entrevistou pola Fundación o seu director, Guillermo Pérez, quen destacou a necesidade de dar a coñecer a realidade da desigualdade salarial e os factores que a provocan, algo que moitas veces temos diante pero non somos capaces de ver, xa que non afecta só ó salario. Unha verdade que este libro, prologado pola exministra Carmen Calvo, contribúe



a clarear dunha forma amena e sinxela, na procura dun dos obxectivos da Fundación, o Traballo Digno.

A continuación tomou a palabra o autor, que falou das diferentes formas de segregación polas que as mulleres están infrarrepresentadas en moitos sectores, concentrando a súa actividade en empregos peor pagados e menos valorados, ó que hai que sumar a desvantaxe das responsabilidades domésticas e relativas ós coidados, nas que non hai unha corresponsabilidade entre xéneros, limitando os dereitos das mulleres e a súa igualdade de oportuni-

dades. O problema dos coidados é, segundo Carballo, a primeira gran cuestión que hai que resolver para avanzar na igualdade. E indicou que este libro nacíu tamén coa vocación de ser un mapa de recursos xurídicos sobre a igualdade laboral e retributiva, así como unha reivindicación ó necesario papel da negociación colectiva para a consecución da igualdade no traballo.

A presentación, que se celebrou na Sala Azul do Auditorio de Valga, contou cun nutrido número de asistentes que interviñeron nun posterior debate.

O PACTO EUROPEO DE MIGRACIÓN E ASILO PON EN CUESTIÓN OS VALORES DA UE

O acordo transmite a idea de que migrantes e refuxiados son unha carga e, incluso, unha ameaza

Redacción.- Con motivo do Día Mundial dos Refuxiados, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores quere lembrar que as normas que compoñen o Pacto Europeo de Migración e Asilo publicadas o pasado mes de maio poñen en perigo non só o dereito de asilo, senón tamén valores da Unión Europea.

Segundo os datos da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados, a finais do ano 2023 había máis de 117 millóns de persoas desprazadas de maneira forzada no mundo, case sete millóns delas eran solicitantes de asilo. Ademais, o 75% das persoas refuxiadas ou en necesidade de protección internacional, atópanse en países de ingresos baixos e medios.

Nese mesmo ano, España foi o cuarto país con maior número de solicitudes, por detrás de Estados Unidos de América, Alemaña e Exipto.

Neste contexto, UGT advirte do impacto negativo que determinadas medidas incluídas nas normas que integran o Pacto Europeo de Migración e Asilo van ter non só nas persoas que tratan de chegar ao territorio da Unión, senón no conxunto da sociedade.

O Pacto é esencialmente defensivo, e transmite a idea de que migrantes e refuxiados son unha carga e, mesmo, unha ameaza que hai que evitar que chegue ao territorio da Unión Europea.

A cualificación como “seguros” de determinados países, o establecemento dun proceso acelerado de asilo, a detención das persoas solicitantes de protección internacional e migrantes nas fronteiras, a



negativa para examinar solicitudes de asilo en función do país de procedencia ou de orixe e a inexistente solidariedade entre os Estados membros, debido a que se pode pagar para non acoller, son só algúns dos elementos que están a configurar unha política de migración e asilo da Unión que, cada vez máis, consiste en delegar as súas responsabilidades en terceiros países dubidosamente democráticos e pouco ou nada respectuosos cos dereitos humanos.